

Arbitraxe Copa Galicia de Clubs 2019

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitro na **Copa Galicia de Clubs 2019**, que se celebrará na [Casa da Xuventude de Noia](#) (A Coruña) o 25 e 26 de Maio de 2019.

PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal e un árbitro adxunto para as dúas categorías.

CATEGORÍAS	HONORARIOS
Cadete (25 Maio 2019) e	Árbitro Principal: 280 euros (*)
Absoluta (26 Maio 2019)	Árbitro Adxunto: 120 euros (*)

(*).-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente.

(*).- Máis gastos de desprazamento xustificados.

Titulación requerida:

- Para árbitro Principal: Árbitro Autonómico ou superior, xa que os torneos son valedeiros para elo Fide.
- Para árbitro Adxunto: Árbitro Autonómico de Base ou superior.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata **o Luns, 13 de Maio de 2019 (incluído)**.

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por escrito ou ben por mail (fegaxa@fegaxa.org), a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información.

Para poder solicitar o arbitraxe hai que ter abonada a licenza correspondente ([Circular FEGAXA01/2019](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados será: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxos, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira rolda.